



DE XUÑO AO PORTO DO SON

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 16 km
Dificultade: baixa
Duración: 6 horas



Furna da Laxe

15 km, e algunhas voltas, para percorrer, por onde é posible e preto da costa, a distancia que separa a praia das Furnas, en Xuño, do Porto do Son. Unha camiñada por praias, cantís, coídos e desvíos polo interior, con tramos imposibles e tramos doadamente mellorables, máis doada de levar a bo termo coa marea baixa xa que permite evitar algunhas subidas aos cantís e pasos difíciles, con dúas partes ben diferenciadas: a primeira (da praia das Furnas a Baroña) con fermosas e longas praias e zonas rochosas, cantís, coídos e illotes con varios tramos difíciles, con desvíos, e algunha camiñada polo medio das leiras; e a segunda (de Baroña ao porto do Son) con tramos de interese, pero que hai que facer durante unha gran parte do percorrido pola beira da estrada e beirarrúas.



Praia de Ribasieira

PERCORRIDO

Comezamos a camiñada na praia das Furnas, ao pé do campo de fútbol de Xuño e do monumento recordatorio a Ramón Sampedro e camiñamos ao longo da praia de Ribasieira ou do río Sieira, continuamos polo cantil para pasar pola praia da Pementa, coa marea baixa queda ao descuberto a súa ampla rasa de abrasión ata chegar á punta Bacán e cruzar un pequeno regato que cai ao mar por entre as rochas. Se a marea está baixa podemos baixar á furna da Laxe e beireala polos coidos e polas rochas e subir logo na agra do Graial ou ao pé da illa do Mar. Coa marea chea hai que buscar un carreiro cara ao interior e meterse polas leiras, moitas abandonadas, para non ir moi lonxe da costa, logo camiñamos pola pista que nos achega a Queiruga pero, un pouco antes de saír á estrada, collemos un desvío á esquerda que nos achega ao Castro e a o porto de Nadelas, desde onde baixamos á praia de Queiruga ou das Seiras, se a marea está baixa xa podemos camiñar pola area ata o castro de Baroña, se está a marea alta temos que subir ao cantil na punta do Pombal para baixar na praia de río Maior e volver a gabear polas pedras da punta do Dique, desde onde hai fermosas vistas de Baroña, ata baixar á praia de Area Longa antes de chegar ao castro. O castro de Baroña é visita obrigada. Visitado o castro podemos tentar seguir as rutas sinaladas (ningunha delas nos leva preto da costa máis que un curto tramo) ou subir á estrada e continuar a ruta por ela (uns catro quilómetros) ata chegar á praia da Arnela onde está en construción unha pasarela e desde onde hai unha beirarrúa ata a vila e varios miradoiros que a fan máis levadeira.



Desembocadura do río Sieira.



Praia Pementa



Enseada da Furna da Laxe



Praia de Queiruga desde a Punta Porcalleira





Praia de Río Maior



Formacións
rochosas
na ruta



O **castro de Baroña** está situado na parroquia do mesmo nome nunha península coñecida como punta do Castro. Está rodeado de dúas murallas e separado de terra por un pequeno istmo areoso. Estivo ocupado nos séculos I a.C. e I d.C. Foi escavado por primeira vez en 1933 e logo en 1969/70, 1980/84, 1985 e 2012. Consérvanse 20 vivendas de forma circular ou elíptica.





Puntas das Cabras desde o alto de Baroña.



Cardo da praia



Praia da Arnela



Praia do Fonferrón



Cova do Fonferrón. Para visitala é preciso que a marea esté moi baixa. A tradición oral faina escenario de piratas noturnos, refuxio de contrabandistas e de mouros. Din que hai un túnel que chega ata o monte Enxa polo que fuxían os mouros no caso de perigo. Contan os veciños que se soltabas un galo no monte saía na boca da furna. Tamén se conta que cando chega o vento do sur, pola intensidade do ruído do vento dentro da cova, os mariñeiros de sabían cando as cousas se puñan difíciles para os que aínda estaban no mar.



Punta do Fonferrón e Monte Louro, na outra banda da ría.

